



# PLAN DIGITAL

## IES GREGORIO FERNÁNDEZ

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución o Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- *Dirección:* Rúa Castelao, s/n.27600 - Sarria (Lugo)
- *Teléfono:* 982 870790 *Fax:* 982 870796
- *Email:* [ies.gregorio.fernandez@edu.xunta.gal](mailto:ies.gregorio.fernandez@edu.xunta.gal)
- *Código centro:* 27012036
- *Páxina web:* <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesgregoriofernandez/>

### Oferta educativa

<b>ESO</b>	<p><b>1º e 2º</b></p> <p><b>3º e 4º</b></p>
<b>BACHARELATO</b>	<p><b>Ciencias e Tecnoloxía</b></p> <p><b>Humanidades e CC SS</b></p>
<b>FORMACIÓN PROFESIONAL</b>	<p><b>CICLOS DA FAMILIA DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>CM Xestión Administrativa</b></li> <li>- <b>CS Administración e Finanzas</b></li> </ul>
	<p><b>CICLOS DA FAMILIA DE INSTALACIÓN E MANTEMENTO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>CM Mantemento Electromecánico</b></li> <li>- <b>CS Mecatrónica Industrial</b></li> </ul>
	<p><b>CICLOS DA FAMILIA DE MECANIZADO</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>CM Mecanizado</b></li> </ul>

	<b>CICLOS DA FAMILIA DE ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA</b>  - <b><u>CS Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos</u></b>
	<b>FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA</b>  - <b>Servizos administrativos</b>  - <b>Fabricación e montaxe</b>
<b>ADULTOS</b>	<b>Educación Secundaria</b>
<b>ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS</b>	<b>Extensión de Sarria</b>

Número de alumnos:302

Número de profesores:59

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución o Proxecto Educativo do Centro

*Sarria, municipio no que se localiza o Instituto “Gregorio Fernández”, conta cuns dezaseis mil catrocentos habitantes, aproximadamente. A súa actividade económica fundaméntase no sector agropecuario e, en menor medida no industrial e de servizos. O feito de estar encravada a vila de Sarria no trazado do Camiño de Santiago confírelle unha certa identidade cultural con proxección nas formulacións académicas.*

*O instituto foi creado no ano 1975, sendo en principio un Instituto de Formación Profesional ata que no curso 1998-99 comezou a impartir a ESO e posteriormente incorporáronse outros estudos, o que fai que agora teña unha moi variada oferta que inclúe dende ciclos formativos a bacharelatos, pasando pola educación secundaria, as ensinanzas para adultos e a escola de idiomas.*

*O alumnado do centro procede, na súa maior parte, dun radio de ata uns 30 quilómetros. O instituto están adscritos os centros de primaria de Oural e Paradela.*

*Con anterioridade á súa conversión en Instituto de Educación Secundaria, o IES Gregorio Fernández, como centro de FP, cubriu durante vinte e cinco anos unha importante demanda educativa e de formación na comarca de Sarria, sendo a súa oferta formativa de estudos un referente habitual entre o alumnado da zona. No momento actual, o Instituto mantén actualizada a súa proposta educativa cos estudos en horario nocturno, así como coa consideración de ciclos formativos axeitados ás novas tecnoloxías.*

*O centro colabora coas universidades do SUG: Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, facilitando as prácticas do CAP do alumnado procedente de diversas carreiras universitarias.*

*Polo feito de ofertar varios Ciclos Formativos, o IES “Gregorio Fernández” mantén convenios de colaboración con diversas empresas e institucións da zona ás que acoden as alumnas e os alumnos para completar a súa formación mediante as correspondentes prácticas en Centros de Traballo.*

*Situación actual e futuro:*

*Nos últimos anos realizáronse diversas actividades de formación con respecto ás TIC que deron como resultado a creación da páxina web, froito de dous grupos de traballo e a actualización da biblioteca como enclave de recursos dixitais e incorporación no proxecto meiga, así como o uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia. Con respecto á páxina web fíxose unha adaptación á nova web dinámica coa que xa se está traballando.*

*Tamén contamos coa aula virtual corporativa que é de uso común entre os departamentos didácticos de FP e tamén entre a ESO e o Bacharelato.*

*Os plans educativos actuais inclúen:*

- Erasmus +
- Eduemprende
- Proa+
- Plan Proxecta (varios programas)
- PLambe
- Clubs de Lectura
- Programa ARCO

*O Plan Dixital forma parte do PEC, significa un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofertan. De nada serve estar en posesión dunha tecnoloxía punteira se a metodoloxía a empregar segue a ser a mesma.*

*A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación o traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.*

*No IES Gregorio Fernández procurárase que o alumnado, cando remate a ensinanza obrigatoria, acade unha competencia dixital consistente en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.*

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

*Normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:*

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

### 1.4. Proceso de elaboración

*O Plan Dixital desenvólvese dentro do grupo de traballo do PFPP, dentro da Liña 54 - Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.*

*Os identificadores son: L21105017- PFPP L2131009*

A asesoría corre a cargo da persoa mentora ADIX3 do equipo da zona Lugo2, M<sup>a</sup> Jesús Casado Barrio.

Os membros deste grupo son:

- Coordinador: José López Méndez
- Manuel Álvarez Mosquera
- Raquel Arias Arias
- Xosé Manuel Bello Rodríguez
- José Manuel Expósito García
- Enio Pacio Otero
- José Eduardo Rey Moure.

A comunicación entre os participantes fíxose empregando as ferramentas corporativas, correo electrónico e aula virtual.

A metodoloxía baséase na colaboración e o traballo en equipo, con reunións periódicas nas que se vai elaborando a documentación que é solicitada dende SSCC a través da aula virtual dos coordinadores da zona LUGO2:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesgregoriofernandez/aulavirtual/login/index.php>

Este proceso é titorizado pola persoa mentora que achega información e suxestións respecto das distintas tarefas entregadas.

O obxectivo final é elaborar o Plan dixital do centro de xeito reflexivo e como un documento útil e abordable que forme parte do Plan de Mellora e do Proxecto Educativo.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Ver táboas. (Fonte: Inventario anual vicedirección)

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1
Centro	Rede wifi, rede de por cable, Telefonía. Proxectores antigos		Necesitara melloras en xeral. Wifi en moi poucos espazos
Conserxería	Rede por cable, 1 teléfono	1 Pc 1 Impresora	Pc medio uso, impresora antiga
Biblioteca	Sen wifi, rede por cable	6 Pcs 2 portátiles 1 Proxector	6 Pcs antigos

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1
Aula de Plástica	Sen wifi, rede por cable	1 Pc Portátil 1 Impresora 1 Proxector	Antigos
Salón de actos	Sen wifi, rede por cable	1 Pc 1 Portátil 1 Proxector 1 equipo de son	Bo
Oficina de secretaría	Sen wifi, rede por cable	1 Pc 1 Impresora	Bo
Dirección	Sen wifi, rede por cable	1 Portátil 1 Impresora	Bo
Xefatura de estudos	Rede por cable	2 Portátiles 1 Impresora	Portátiles antigos, impresora medio uso
Secretaría centro	Sen wifi, rede por cable	1 Pc 1 Impresora 1 Portátil	Equipamento medio uso
Aulas ESO (8 aulas)	Con rede por cable	1 Pc en cada aula 1 Proxector en cada aula  3 Encerados dixitais	Pcs a medio uso, 4 proxectores antigos
Aulas BAC (6 Aulas)	Con rede por cable	1 Pc en cada aula 1 Proxector en cada aula 6 Encerados dixitais	Pcs uso medio, 2 proxectores antigos
Aula de Música	Sen wifi, con rede por cable	1 Portátil 1 Impresora 1 Proxector Dotación propia aula de música	Antigos
Aula Tecnoloxía da ESO	Sen wifi, con rede por cable	23 Pcs 1 Proxector 1 Impresora 3D	Antigos 18 Pcs, proxector antigo
Aula TICS	Sen wifi, con rede por cable	18 Pcs 1 Proxector 1 Impresora 3D 1 Impresora 1 Encerado dixital	Medio uso, Impresora 3D en mal estado, impresora antiga
Ximnasio	Con wifi, con rede por cable	2 Proxectores 1 Impresora 1 Altofalante 1 Portátil	Portátil e proxector antigos
Aula 403 ciclos	Sen wifi, con rede por cable	11 Pcs 1 Impresora 1 Proxector	Pcs medio uso, impresora e proxector antigos
Aula 421B	Sen wifi, con rede	1 Pc	Medio uso, proxector antigo



Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1
ciclos	por cable	1 Proxector	
Aula 421A ciclos	Sen wifi, con rede por cable	9 Pc 1 Proxector 2 Impresoras	Medio uso, proxector e impresoras antig@s
Aula 420 ciclos	Sen wifi, con rede por cable	20 Pc 1 Proxector 1 Impresora	6 Pcs antigos, proxector antigo, impresora antiga
Aula 418 ciclos	Sen wifi, con rede por cable	17 Pcs 1 Proxector 1 Impresora multifunción A3	Bo
Aula 417 ciclos	Sen wifi, con rede por cable	15 Pcs 1 Proxector	Pcs medio uso, proxector antigo
Taller de Mantemento	Sen wifi, con rede por cable	1 Pc 1 Proxector 1 Impresora	Bo, Impresora antiga
Taller de Mecanizado	Sen wifi, con rede por cable	1 Pc 1 Impresora	Medio uso, Impresora antiga
Taller de Electricidade	Sen wifi, con rede por cable	5 Pc 1 Proxector 1 Impresora	4 Pcs antigos, proxector antigo, impresora antiga
Aula Economía	Sen wifi, con rede por cable	5 Pcs	Antigos
Aulas Dpto Administración (4 aulas)	Sen wifi, con rede por cable	61 Pcs 4 Proxectores 6 Impresoras	Bo, 16 equipos antigos , 2 proxectores antigos
Fp básica Servizos administrativo ( 2 aulas)	Con rede por cable, wifi.	22 Pc 2 Proxectores 2 Encerados dixitais 2 Impresoras	Medio uso Proxector antigo, encerado dixital en mal estado
Fp Básica Fabricación Mecánica ( 2 aulas)	Con rede por cable, sen wifi	2 Pc 2 Proxectores 1 Impresora	Equipamento moi antigo
Taller CNC	Con rede por cable, sen wifi	15 Pcs 1 Proxector 1 Impresora	5 Pcs medio uso, proxector antigo, impresora medio uso
Aulas Teleco (2 aulas)	Con rede por cable, sen wifi	20 Pc. 6 Pc Portátiles 2 Proxector 1 Encerado dixital	6 Pcs portátiles antigos 14 Pcs antigos 1 Proxector antigo
Laboratorio	Con rede por cable, sen wifi	1 Portátil 1 Proxector	Pc antigo, proxector antigo

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1
Sala de docentes	Con rede por cable, con wifi	1 Pc	Medio uso

**Servizos dixitais educativos:**

Empreganse só servizos corporativos para a xestión docente: páxina web do centro, aula virtual, espazoAbalar, Abalarmóbil.

Xestión do mantemento do equipamento do centro: hai contratado un servizo externo.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:

[Plan de adaptación do IES "Gregorio Fernández" á situación COVID-19 no curso 2021/22- Versión 08/10/2021](#)

[Plan de continxencia do IES "Gregorio Fernández" de Sarria para o curso 2021/2022](#)


## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

SELFIE: resumos.

### 1. Bacharelato

#### Resumen de las áreas

Media de las respuestas por cada grupo (equipo directivo, profesorado y alumnado) para cada una de las 8 áreas.




2. ESO:



## Resumen de las áreas

Media de las respuestas por cada grupo (equipo directivo, profesorado y alumnado) para cada una de las 8 áreas.




3. FP



## Resumen de las áreas

Media de las respuestas por cada grupo (equipo directivo, profesorado y alumnado) para cada una de las 8 áreas.



Test CDD:

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CENTRO	71,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 71,5 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CF	69,8	Integrador/a (B1)	80,2	Integrador/a (B1)
ESO	67	Integrador/a (B1)	79,7	Integrador/a (B1)
BACH	77,2	Integrador/a (B1)	78,4	Integrador/a (B1)
ESO Adult.	67,7	Integrador/a (B1)	76	Integrador/a (B1)

Na etapa de CF:

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 69,8 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	21	42,9%
Integrador/a (B1)	19	38,8%
Experto/a (B2)	10	20,4%
TOTAL	50	102,1 %

Dos 49 docentes do seu centro que participaron no testCDD obtemos os seguintes resultados:

- 21 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 42,9%.
- 19 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1), é dicir, o 38,8%.

## 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C8: No centro hai dispositivos dixitais para uso do alumnado. Importante dotación tabletas dixitais departamento de matemáticas	Mala conexión de rede wifi na maioría do centro
	PERSOAL DOCENTE	Boa disposición para o uso de ferramentas dixitais por parte do persoal docente	E3: Insuficiente uso contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado de ESO B3: Insuficiente uso da tecnoloxía para a colaboración con outras entidades entre profesorado (aínda que o equipo directivo pensa que si se usa) B1: Escasa avaliación dos progresos en materia de ensino e aprendizaxe dixital (entre o profesorado, reflexión conxunta)
	PERSOAL NON DOCENTE	Boa disposición para o uso de ferramentas dixitais por parte do persoal non docente	
	ALUMNADO	Boa disposición para o uso de ferramentas dixitais por parte do alumnado H8: No centro apréndese a usar a tecnoloxía para comunicarse	G6: Insuficiente uso da tecnoloxía dixital para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais. F5: Insuficiente uso da tecnoloxía para a colaboración entre o alumnado de ESO
	FAMILIAS	Boa disposición para o uso de ferramentas dixitais por parte das familias. Alto uso das familias de alumnado de ESO e BAC do aplicación abalar	Non hai participación das familias no desenvolvemento das actividades do centro (tampouco das dixitais)
	OFERTA	Ofértase e impártese informática en 1º de ESO, TICS en 4º, 1º e 2º de BAC para mellorar a competencia dixital do alumnado	Non se participa no proxecto edixgal polo rexeitamento na CCP
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3: Suficiente apoio o profesorado para explorar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais por parte da Dirección	D1: Insuficiente reflexión sobre as necesidades de Desenvolvemento Profesional Continuo por parte do equipo directivo A2: O profesorado di que o equipo

			directivo non os involucra o suficiente no desenvolvemento da estratexia dixital do centro
--	--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Posibilidade de solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade formación a través das distintas convocatorias, PFPP (Planes de Formación Permanente do Profesorado), seminarios ou actividades de actualización	Atraso da comunicación entre as distintas consellerías o que dificulta a axilidade nas substitucións de persoal non docente, entre outros problemas
	LEXISLACIÓN		Constantes cambios lexislativos.
	CONTORNA	A dixitalización está en auxe, e dende a pandemia moi aceptada e recoñecida socialmente na contorna de Sarria	Despoboamento e baixa natalidade
	ANPA		0 centro non ten ANPA
	OUTRAS ENTIDADES	Boa colaboración co concello, existen programas de reforzo para todo o alumnado de Sarria	

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Ver táboas.



### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado (Item E3*)				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Persoa Responsable aula Virtual				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente implicado (Instrumento de medida: enquisa)					
<b>Valor de partida:</b>	0 actividades realizadas co alumnado na AV por docente implicado					
<b>Valor previsto e data:</b>	3 actividades realizadas co alumnado na AV por docente implicado				30/6/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Crear os cursos e matricular o profesorado e alumnado na AV do centro	Persoa Responsable aula Virtual	22/12/2022	Aula virtual do centro Listaxe co alumnado e profesorado do centro Listaxe coas materias e o profesorado que as imparte		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro	Profesorado da materia	31/3/2023	Actividades creadas aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas	Profesorado da materia	30/6/2023	Actividades publicadas na aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

\*E3: Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe

DEBILIDADE E3: Insuficiente uso contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado de ESO

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Aumentar o emprego da AV do centro para o debate entre o profesorado (Item B1*)				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Persoa Responsable aula Virtual				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de participación do profesorado en foro de comunicación no AV (registro actividade)					
<b>Valor de partida:</b>	0% de participación do profesorado en foro de comunicación e debate no curso 21/22					
<b>Valor previsto e data:</b>	20% de participación do profesorado nalgún foro			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Formar o profesorado no emprego de foro da AV do centro a través dunha liña do PFPP	Persoa directora Coordinador/a PFPP	31 de marzo de 2023	Programa de PFPP para o curso 2022-2023		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Crear curso “Comunicación interna” cun foro	Persoa Responsable aula Virtual	30 de abril de 2023	Aula Virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Dinamizar a participación no foro	Persoa Responsable aula Virtual	30 de xuño de 2023	Curso creado na aula virtual do centro		Realizada	

\*B1: Avaliación do progreso

Debilidade B1: Escasa avaliación dos progresos en materia de ensino e aprendizaxe dixital (entre o profesorado, reflexión conxunta).

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (Item B3*)				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Vicedirección ou persoa responsable acts. extraescolares				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de colaboracións con outras entidades (Memoria anual)					
<b>Valor de partida:</b>	0 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...)					
<b>Valor previsto e data:</b>	3 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...)			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A03.1:</b> Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Novas Tecnoloxías"	Vicedirección ou persoa responsable acts. extraescolares	31 de outubro de 2022	Convocatorias das charlas Solicitude destas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.2:</b> Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (orientación laboral, coñecemento profesional, medio ambiente, ciencia en galego, ...)	Vicedirección ou persoa responsable acts. extraescolares	31 de maio de 2023	Medios de comunicación para establecer contactos (mensaxería ...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

\*B3: Colaboracións

Debilidade B3: Insuficiente uso da tecnoloxía para a colaboración con outras entidades entre profesorado

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo (D)						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Aumentar o número de docentes que participan nos PFPP (Item D1*)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de docentes que participan nos PFPP					
<b>Valor de partida</b>	5% docentes participan nos PFPP					
<b>Valor previsto e data</b>	20% docentes participan nos PFPP			20/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Sensibilizar e motivar o profesorado para á participación nos PFPP	Xefatura de estudos	Primeiro claustro curso 22/23 30/09/22	Programa de PFPP para o curso 2022-2023		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

\*D1: Necesidades de DPC

Debilidade D1: Insuficiente reflexión sobre as necesidades de Desenvolvemento Profesional Continuo por parte do equipo directivo.

### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerase a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR:** Permitirán **avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da contemporización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

#### Rede do centro

Sería necesario mellorar a velocidade de internet e ampliar a cobertura wifi. Fíxose unha solicitude de ampliación de cobertura wifi, e non se obtivo resposta de momento. O código da solicitude é **CXR008 (data do 21/10/21)**

#### Resumo do estado do centro.

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1	Necesidades futuras 3.2
Centro	Rede wifi, rede de por cable, Telefonía. Proxectores antigos		Necesitara melloras en xeral. Wifi en moi poucos espazos	Renovación cableado rede e wifi eficiente. Completar dixitalización
Conserxería	Rede por cable, 1 teléfono	1 Pc 1 Impresora	Pc medio uso, impresora antiga	Wifi, Impresora multifunción. Completar dixitalización
Biblioteca	Sen wifi, rede por cable	6 Pcs 2 portátiles 1 Proxector	6 Pcs antigos	Renovar Pcs antigos. Wifi. Completar dixitalización
Aula de Plástica	Sen wifi, rede por cable	1 Pc Portátil 1 Impresora 1 Proxector	Antigos	Impresora multifunción A3, renovar Pcs. Completar dixitalización
Salón de actos	Sen wifi, rede por cable	1 Pc 1 Portátil 1 Proxector 1 equipo de son	Bo	Altosfalantes para equipo de son. Completar dixitalización
Oficina de secretaría	Sen wifi, rede por cable	1 Pc 1 Impresora	Bo	Completar dixitalización
Dirección	Sen wifi, rede por cable	1 Portátil 1 Impresora	Bo	Wifi. Completar dixitalización
Xefatura de estudos	Rede por cable	2 Portátiles 1 Impresora	Portátiles antigos, impresora medio uso	Pcs Nuevos Impresora nova Wifi. Completar dixitalización
Secretaría centro	Sen wifi, rede por cable	1 Pc 1 Impresora 1 Portátil	Equipamento medio uso	Wifi 1 Impresora multifunción. Completar dixitalización
Aulas ESO (8 aulas)	Con rede por cable	1 Pc en cada aula 1 Proxector en	Pcs a medio uso, 4 proxectores antigos	Completar dixitalización

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1	Necesidades futuras 3.2
		cada aula 3 Encerados dixitais		
Aulas BAC (6 Aulas)	Con rede por cable	1 Pc en cada aula 1 Proxector en cada aula 6 Encerados dixitais	Pcs uso medio, 2 proxectores antigos	Completar dixitalización
Aula de Música	Sen wifi, con rede por cable	1 Portátil 1 Impresora 1 Proxector Dotación propia aula de música	Antigos	Renovación da dotación propia da aula da música. Completar dixitalización
Aula Tecnoloxía da ESO	Sen wifi, con rede por cable.	23 Pcs 1 Proxector 1 Impresora 3D	Antigos 18 Pcs, proxector antigo	Renovar Pcs antigos, completar hasta 30 postos alumnos. É preciso incorporar elementos para formar un aula MAKER (robots, ...) Completar dixitalización
Aula TICS	Sen wifi, con rede por cable	18 Pcs 1 Proxector 1 Impresora 3D 1 Impresora 1 Encerado dixital	Medio uso, Impresora 3D en mal estado, impresora antiga	Renovar Pcs antigos, Completar hasta 30 postos. Renovar Impresora 3D. Completar dixitalización
Ximnasio	Con wifi, con rede por cable	2 Proxectores 1 Impresora 1 Altofalante 1 Portátil	Portátil e proxector antigos	Renovación da dotación propia de Ximnasio. Completar dixitalización
Aula 403 ciclos	Sen wifi, con rede por cable	11 Pcs 1 Impresora 1 Proxector	Pcs medio uso, impresora e proxector antigos	Completar dixitalización
Aula 421B ciclos	Sen wifi, con rede por cable	1 Pc 1 Proxector	Medio uso, proxector antigo	Completar dixitalización
Aula 421A ciclos	Sen wifi, con rede por cable	9 Pc 1 Proxector 2 Impresoras	Medio uso, proxector e impresoras antig@s	Completar dixitalización
Aula 420 ciclos	Sen wifi, con rede por cable	20 Pc 1 Proxector	6 Pcs antigos, proxector	Completar dixitalización

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1	Necesidades futuras 3.2
		1 Impresora	antigo, impresora antiga	
Aula 418 ciclos	Sen wifi, con rede por cable	17 Pcs 1 Proxector 1 Impresora multifunción A3	Bo	Completar dixitalización
Aula 417 ciclos	Sen wifi, con rede por cable	15 Pcs 1 Proxector	Pcs medio uso, proxector antigo	Completar dixitalización
Taller de Mantemento	Sen wifi, con rede por cable	1 Pc 1 Proxector 1 Impresora	Bo, Impresora antiga	Completar dixitalización
Taller de Mecanizado	Sen wifi, con rede por cable	1 Pc 1 Impresora	Medio uso, Impresora antiga	Completar dixitalización
Taller de Electricidade	Sen wifi, con rede por cable	5 Pc 1 Proxector 1 Impresora	4 Pcs antigos, proxector antigo, impresora antiga	Completar dixitalización
Aula Economía	Sen wifi, con rede por cable	5 Pcs	Antigos	Renovación equipos. Completar dixitalización
Aulas Dpto Administración (4 aulas)	Sen wifi, con rede por cable	61 Pcs 4 Proxectores 6 Impresoras	Bo, 16 equipos antigos , 2 proxectores antigos	3 Impresoras multifunción. Completar dixitalización hasta número máximo de prazas ofertadas
Fp básica Servizos administrativo ( 2 aulas)	Con rede por cable, wifi.	22 Pc 2 Proxectores 2 Encerados dixitais 2 Impresoras	Medio uso Proxector antigo, un encerado dixital en mal estado	Completar dixitalización hasta número máximo de prazas ofertadas
Fp Básica Fabricación Mecánica ( 2 aulas)	Con rede por cable, sen wifi	2 Pc 2 Proxectores 1 Impresora	Equipamento moi antigo	Renovar equipamento. Completar dixitalización hasta número máximo de prazas ofertadas
Taller CNC	Con rede por cable, sen wifi	15 Pcs 1 Proxector 1 Impresora	5 Pcs medio uso, proxector antigo, impresora medio uso	Renovar equipamento. Completar dixitalización
Aulas Teleco (2 aulas)	Con rede por cable, sen wifi	20 Pc. 6 Pc Portátiles 2 Proxector 1 Encerado dixital	6 Pcs portátiles antigos 14 Pcs antigos 1 Proxector antigo	Completar dixitalización



Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1	Necesidades futuras 3.2
Laboratorio	Con rede por cable, sen wifi	1 Portátil 1 Proxector	Pc antigo, proxector antigo	Completar dixitalización
Sala de docentes	Con rede por cable, con wifi	1 Pc	Medio uso	Completar dixitalización

**Servizos educativos para a docencia:**

precisaríase unha nube onde compartir documentación.  
Precisaríase un correo electrónico para o alumnado.

**4. Avaliación do plan**

*Exemplo de avaliación (proposta)*

**Procesual:**

Realizarase unha revisión trimestral do plan de acción recollendo o resultado na táboa do plan de acción, á que se pode engadir unha explicación complementaria.

**Final:**

Na avaliación final do plan de acción identificaranse do total dos obxectivos propostos cantos se acadaron en cada área, os que están en fase de desenvolvemento, e os non iniciados, engadindo unha breve explicación destes resultados e, se é o caso, posibles modificacións das accións.

Tamén se farán propostas de introdución de novos obxectivos cara o vindeiro curso.

**5. Difusión do plan**

*O plan dixital será enviado vía correo electrónico aos membros do Claustro e do Consello Escolar, unha vez oído o claustro, someterase a aprobación polo Consello Escolar, e posteriormente se é aprobado publicarase na web de centro.*